

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 4675** *Real decreto 216/2019, do 29 de marzo, polo que se aproba a lista de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias e polo que se modifica o Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

I

As especies exóticas invasoras representan unha das principais ameazas para a biodiversidade e os servizos asociados dos ecosistemas, especialmente en ámbitos xeográfica e evolutivamente illados, como son as illas. Os riscos que as ditas especies supoñen para a biodiversidade pódense intensificar debido ao aumento do comercio global, o transporte, o turismo e o cambio climático.

A Unión Europea, como parte no Convenio sobre a diversidade biolóxica, aprobado mediante a Decisión 93/626/CEE do Consello, do 25 de outubro de 1993, relativa á subscripción do Convenio sobre a diversidade biolóxica, está vinculada polo disposto no artigo 8, letra h), do dito convenio, de acordo co cal cada parte contratante, na medida do posible e segundo proceda, impedirá que se introduzan, controlará ou erradicará as especies exóticas que ameacen ecosistemas, hábitats ou especies».

No ámbito da Unión Europea, a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, establece, no seu artigo 11, que os Estados membros velarán por evitar que a eventual introdución de especies de aves que non vivan normalmente en estado salvaxe no territorio europeo prexudique a fauna e flora locais. Pola súa banda, a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestres, establece no seu artigo 22 que os Estados membros garantirán que a introdución intencionada na natureza dunha especie que non sexa autóctona do seu territorio se regule de modo que non prexudique a fauna e flora silvestres autóctonas, nin os seus hábitats naturais na súa zona de distribución natural e, se o consideran necesario, prohibirán a dita introdución.

Neste contexto, aprobouse a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que establece no seu artigo 54 que a Administración xeral do Estado prohibirá a importación ou introdución de especies ou subespecies alóctonas cando estas sexan susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos. E, no seu artigo 64, regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, no cal se deben incluír todas aquelas especies e subespecies exóticas invasoras que constitúan unha ameaza grave para as especies autóctonas, os hábitats ou os ecosistemas, a agronomía ou para os recursos económicos asociados ao uso do patrimonio natural.

En desenvolvemento do dito precepto, aprobouse o Real decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a Listaxe e catálogo español de especies exóticas invasoras, que posteriormente foi substituído polo Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, que ten por obxecto regular os procedementos de inclusión ou exclusión de especies no catálogo, así como as medidas necesarias para previr a introdución de especies exóticas invasoras e para o seu control e posible erradicación.

Posteriormente, no ano 2014, a Unión Europea aprobou o Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras. O artigo 3.7 deste regulamento define a introdución como «o movemento, como consecuencia da intervención humana, dunha especie fóra da súa área de distribución natural».

Este regulamento foi desenvolvido a través do Regulamento de execución (UE) n.º 2016/1141 da Comisión, do 13 de xullo de 2016, polo que se adopta unha listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión, posteriormente modificado polo Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1263 da Comisión, do 12 de xullo de 2017, polo que se actualiza a Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión.

O Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, establece, no seu considerando 15, que a prevención é, polo xeral, máis desexable e rendible, desde o punto de vista ecolóxico, que a reacción tras o suceso, polo que se lle debe outorgar especial prioridade. Polo tanto, na Listaxe da Unión deben incluírse de forma prioritaria aquelas especies exóticas invasoras que aínda non están presentes no territorio da Unión ou que se encontran nunha fase inicial de invasión, así como aquelas especies exóticas invasoras que poden chegar a ter os efectos adversos máis importantes. Dado que se poden introducir constantemente novas especies exóticas invasoras na Unión e as especies exóticas que xa se encontran presentes están a propagarse e ampliar a súa área de distribución, resulta necesario garantir que a Listaxe da Unión se revise constantemente e se mantéña actualizada. Este criterio, evidentemente, tamén se debe aplicar no caso das listaxes de especies exóticas invasoras preocupantes para as rexións ultraperiféricas.

O artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro, contén disposicións específicas para as rexións ultraperiféricas. En primeiro lugar, o artigo 6.1 sinala que as especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión non estarán suxeitas a determinadas disposicións do regulamento, como son o seu artigo 7 ou os artigos 13 ao 20, nas rexións ultraperiféricas.

En segundo lugar, o artigo 6.2 establece que cada Estado membro que conte con rexións ultraperiféricas adoptará, para cada unha desas rexións, unha listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes, logo de consulta coas devanditas rexións.

Finalmente, o artigo 6.3 engade que, polo que respecta ás especies exóticas invasoras incluídas nas listaxes de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica, os Estados membros poderán aplicar medidas como as previstas nos artigos 7 a 9, 13 a 17, 19 e 20, segundo corresponda, nas rexións ultraperiféricas correspondentes. Estas medidas serán compatibles co Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) e notificaránselle á Comisión de conformidade co dereito da Unión.

Neste contexto, e tendo en conta que o 1 de xaneiro de 2015 entrou en vigor o citado Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, mediante a Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, incorpórase o artigo 64 bis para os efectos de reforzar a súa observancia na xestión das especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión.

Así, o artigo 64 bis da Lei 42/2007, do 13 de decembro, prevé que a xestión das especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión se fará conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras e que o incumprimento das obrigas previstas no citado regulamento comportará a imposición das respectivas sancións previstas no título VI da dita lei.

Por todo, en cumprimento do disposto no artigo 64 bis da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e no artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro, adóptase o presente real decreto, que aproba a Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias, elaborada logo de consulta coa Comunidade Autónoma de Canarias, e prevé que para as especies incluídas na dita listaxe se aplicarán as medidas previstas nos artigos 7 a 9, 13 a 17, 19 e 20 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro.

II

Este real decreto estrutúrase en cinco capítulos, dúas disposicións transitorias, catro disposicións derradeiras e un anexo.

O capítulo I contén un único artigo polo que se aproba a Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias, que se enumeran no anexo.

O capítulo II regula as medidas de prevención que se deben aplicar ás especies incluídas na citada Listaxe de exóticas invasoras preocupantes. En concreto, o artigo 2 enumera as restricións xerais que lles son de aplicación para previr a súa introdución e propagación no medio natural das illas Canarias. Os artigos 3 e 4 establecen un sistema de permisos e autorizacións que exceptúan as restricións contidas no artigo 2, en determinados supostos de utilización das especies declaradas como preocupantes ou dos produtos derivados destas, para fins de interese xeral tales como os de investigación, conservación ou aplicación a melloras da saúde humana. O artigo 5 prevé a aprobación de plans de acción sobre as vías de introdución de especies exóticas invasoras nas illas Canarias.

O capítulo III establece diversos sistemas para a detección temperá e erradicación rápida das especies exóticas invasoras preocupantes que se poidan chegar a introducir nas illas Canarias. En concreto, o artigo 6 prevé un sistema de vixilancia das administracións competentes sobre as ditas especies; o artigo 7 arbitra unha serie de mecanismos para realizar controis oficiais sobre estas; o artigo 8 regula os medios de notificación aplicables no caso de detección temperá da súa presenza nas illas Canarias, e o artigo 9, os instrumentos para a súa rápida erradicación.

O capítulo IV regula as medidas de xestión aplicables no caso de especies exóticas invasoras que estean xa amplamente propagadas. En particular, o artigo 10 establece os medios e criterios de xestión idóneos para evitar, no posible, afeccións á biodiversidade e aos servizos asociados aos ecosistemas afectados, e o artigo 11 as medidas que, se é o caso, cabería aplicar para a reparación de ecosistemas xa danados como consecuencia da dita propagación.

O capítulo V establece o réxime sancionador aplicable ás infraccións do disposto neste real decreto.

O texto contén tamén dúas disposicións transitorias para regular a situación daqueles que, antes da entrada en vigor desta norma, fosen, respectivamente, propietarios de especies exóticas invasoras ou titulares de reservas comerciais sobre elas nas illas Canarias.

Así mesmo, mediante a disposición derradeira primeira modifícase o Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, co obxecto de adaptalo ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en particular ao disposto no seu artigo 24, que prevé o efecto desestimatorio do silencio administrativo nos procedementos que impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o ambiente, como é o caso dos procedementos que se regulan no Real decreto 630/2013, do 2 de agosto.

Por iso, de conformidade co disposto na dita lei e co principio xeral de precaución, que informa todo o ordenamento xurídico en materia de ambiente, substitúese o efecto estimatorio previsto para o silencio administrativo no actual artigo 5.3 do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, por un efecto xeral desestimatorio. O resto de modificacións dos artigos 5 e 7 teñen por obxecto adaptar a redacción dos ditos preceptos ao disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica, e en particular sobre os efectos da inclusión dunha especie no Catálogo de especies exóticas invasoras.

Así mesmo, modifícase a disposición transitoria cuarta do real decreto referente a animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos e animais silvestres en parques zoolóxicos, co obxecto de ampliar a dous anos o prazo en que se deberá informar sobre a posesión de especies do catálogo ás autoridades competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Esta modificación débese a que,

coa experiencia adquirida na aplicación do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, se comprobou que o prazo dun ano é demasiado escaso e, de cara á inclusión de novas especies, é conveniente a súa ampliación. Finalmente, modifícase o anexo do real decreto, co fin de actualizar o Catálogo de especies exóticas invasoras, unha vez seguido o procedemento regulamentariamente establecido.

Por último, as disposicións derradeiras segunda, terceira e cuarta regulan, respectivamente, o título competencial, a habilitación para a futura adaptación deste texto aos cambios na regulación europea ou internacional e a entrada en vigor da norma.

III

Na tramitación deste real decreto seguiuuse o procedemento establecido na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e someteuse o proxecto ao trámite de participación pública establecido no artigo 16 en conexión co artigo 18.1.h) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, sobre o presente real decreto emitiu informe favorable a Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e da Biodiversidade e o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

A norma adecúase, así mesmo, aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Máis concretamente, adáptase aos principios de necesidade, dado que ten por obxecto cumprir o mandato imperativo dirixido aos Estados membros con rexións ultraperiféricas, contido no artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro, e de eficiencia, dado que se outorga prioridade ao criterio preventivo ao se regularen medidas respecto de especies exóticas potencialmente invasoras pero aínda non introducidas no medio natural ou con presenza moi puntual, pois con iso conséguense unha mellor rendibilidade custo-beneficio e, en definitiva, unha maior eficacia na prevención dos danos futuros que poderían ocasionar.

Son tamén evidentes as razóns de interese xeral nas cales se funda a norma pois, como se indicou, o seu obxectivo principal é previr danos ambientais derivados das citadas especies exóticas invasoras. Observouse, igualmente, o principio de proporcionalidade pois o conxunto de medidas previstas son as expresamente recollidas no citado Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro, para previr danos ao ambiente mesmo antes de que se cheguen a producir, polo que non cabe falar en puridade de restrición de dereitos existentes.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

A habilitación para levar a cabo este desenvolvemento regulamentario está contida na disposición derradeira oitava da Lei 42/2007, do 13 de decembro, que faculta o Goberno, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de marzo de 2019,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes das illas Canarias

Artigo 1. *Aprobación da Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias.*

De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras, apróbase a Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias, que figura como anexo a este real decreto.

CAPÍTULO II

Medidas de prevención

Artigo 2. *Restricións sobre as especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias.*

1. As especies incluídas na Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias non poderán, de forma intencionada:

- a) Ser introducidas no territorio das illas Canarias, incluído o seu tránsito baixo supervisión alfandegueira.
- b) Manterse, nin sequera en espazos confinados.
- c) Criarse, nin sequera en espazos confinados.
- d) Transportarse con procedencia ou destino ás illas Canarias nin dentro do seu territorio, agás se o seu transporte ten por destino as instalacións para levar a cabo a súa erradicación.
- e) Ser introducidas no mercado.
- f) Utilizarse ou intercambiarse.
- g) Pórse en situación de poder reproducirse, criarse ou cultivarse, nin sequera en espazos confinados.
- h) Liberarse no ambiente.

2. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, adoptarán todas as medidas necesarias para previr a introdución ou propagación non intencionada de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias, incluída, de ser o caso, a introdución ou propagación por negligencia grave.

Artigo 3. *Permisos para investigación ou conservación ex situ.*

1. Como excepción ás restricións recollidas no artigo 2.1 letras a), b), c), d), f) e g), a Administración xeral do Estado ou a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderán outorgar permisos para levar a cabo investigacións ou conservacións *ex situ* con especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias.

Cando o uso de produtos derivados de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias sexa imprescindible para lograr avances en materia de saúde humana, estes permisos tamén poderán incluír a súa produción con fins científicos e o uso medicinal subseguinte.

2. Os permisos previstos no número anterior deberán recoller as seguintes condicións:

a) A especie exótica invasora deberase conservar e manipular en espazos confinados nas condicións previstas no número 3. O permiso non se poderá outorgar para un número de especies ou exemplares que supere a capacidade do espazo confinado.

b) A actividade deberaa levar a cabo o persoal debidamente cualificado de conformidade coa normativa vixente.

c) O transporte de ida e volta ao espazo confinado efectuarase en condicións que exclúan o escape da especie exótica invasora.

d) No caso de especies animais, deberán estar marcadas ou, de ser o caso, identificadas con calquera outro método efectivo que non cause dor, angustia nin sufrimento que sexan evitables.

e) O risco de escape, propagación ou eliminación xestionarase de forma eficaz, tendo en conta a identidade, a bioloxía e os medios de dispersión da especie, a actividade e o espazo confinado previstos, así como a interacción co ambiente e os demais factores que sexan pertinentes.

f) O solicitante do permiso deberá deseñar un sistema de vixilancia constante e un plan de contingencias para atender un posible escape ou propagación, incluído un plan de erradicación. O plan de contingencias deberá ser aprobado pola autoridade que outorgue o permiso e o permiso deberá incluír as restricións que sexan precisas para mitigar o risco de escape ou propagación da especie en cuestión. Se se produce un escape ou unha propagación, o plan de contingencias deberase aplicar de forma inmediata e o permiso poderase retirar de forma temporal ou definitiva.

O permiso deberá acompañar as especies exóticas invasoras a que se refire en todo momento cando as ditas especies se manteñan, leven ou transporten dentro das illas Canarias.

3. Para os efectos do previsto no número anterior, considerarase que os exemplares se conservan en espazos confinados se se cumpren as seguintes condicións:

a) Están fisicamente illados e non poden escapar, propagarse nin ser trasladados por persoas non autorizadas dos espazos en que se conservan.

b) Existen protocolos de limpeza, xestión dos residuos e mantemento que garanten que ningún exemplar nin parte reproducibile poida escapar, propagarse nin ser trasladado por persoas non autorizadas.

c) O traslado dos exemplares desde os espazos, o seu rexeitamento, destrución ou eliminación de modo non cruel realízase de forma que exclúe a propagación ou reprodución fóra dos espazos.

4. Ao solicitar un permiso para investigación ou conservación *ex situ* dunha especie exótica invasora, o solicitante deberá achegar toda a documentación e as probas necesarias que lle permitan á autoridade competente avaliar se se cumpren as condicións establecidas nos números 2 e 3.

5. O permiso poderano retirar as autoridades competentes, de maneira temporal ou definitiva, en calquera momento se se producen acontecementos imprevistos con efectos adversos sobre a biodiversidade ou os servizos dos ecosistemas asociados. Toda retirada de permiso motivarase debidamente con argumentos científicos e, en caso de que non se dispoña de información científica suficiente, alegando o principio de precaución e tendo debidamente en conta a normativa vixente.

6. A Administración xeral do Estado ou a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, deberán achegar co permiso outorgado un documento que cumpra os requisitos do Regulamento de execución (UE) n.º 2016/145 da Comisión, do 4 de febreiro de 2016, polo que se adopta o formato do documento que debe servir de proba para o permiso expedido polas autoridades dos Estados membros que lles permita aos establecementos levar a cabo certas actividades sobre as especies exóticas invasoras preocupantes para a Unión, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro.

7. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, realizarán as inspeccións oportunas co fin de asegurar que os establecementos cumpren as condicións establecidas nos permisos outorgados.

Artigo 4. *Autorizacións para outras actuacións.*

1. En casos excepcionais, por motivos imperiosos de interese público, incluídos os de natureza social ou económica, a Administración xeral do Estado ou a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderán outorgar permisos para facultar os establecementos, logo de autorización da Comisión Europea, conforme o procedemento establecido no artigo 9 e baixo as condicións sinaladas no artigo 8.2 e 3 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro, para realizar actividades distintas das previstas no artigo 3.1.

2. A Administración xeral do Estado ou a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, presentarán as solicitudes de autorización ante a Comisión Europea. As ditas solicitudes deberán incluír o contido seguinte:

- a) Nome e enderezo do establecemento ou grupos de establecementos que solicitan a autorización.
- b) Nome científico e común da especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias respecto da cal se solicita a autorización.
- c) Código da nomenclatura combinada recollida no Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.
- d) Número ou volume de exemplares en cuestión.
- e) Motivos da autorización solicitada.
- f) Descrición detallada das medidas previstas para garantir que non sexa posible o escape ou propagación da especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias desde as instalacións do espazo confinado en que deba manterse e manipularse, así como das medidas que permitan garantir que todo transporte da especie que resulte necesario se efectuará en condicións que exclúan o seu escape.
- g) Avaliación do risco de escape da especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias respecto da cal se solicita a autorización, xunto cunha descrición das medidas que se deban implantarse para mitigar os ditos riscos.
- h) Descrición do sistema de vixilancia e do plan de continxencias previstos para remediar posibles escapes ou propagacións, incluído un plan de erradicación cando sexa necesario.
- i) Descrición da normativa aplicable aos ditos establecementos.

Artigo 5. *Plans de acción sobre as vías de introdución das especies exóticas invasoras.*

1. Nun prazo de dezaioito meses, contado desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, efectuarán unha análise exhaustiva das vías de introdución e propagación non intencionadas de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias, polo menos polo que respecta ao territorio das devanditas illas, así como ás súas augas mariñas, e identificarán aquelas vías que requiran actuación prioritaria («vías prioritarias»), en razón do volume das especies ou do dano que poidan causar as especies que penetren nas illas Canarias polas ditas vías.

2. Nun prazo de tres anos, contado desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, aprobarán un único plan de acción ou unha serie de plans de acción para abordar as vías de introdución prioritarias que se identificasen conforme o número anterior. Os plans de acción incluírán calendarios de execución e describirán as medidas que se deberán adoptar e, de ser o caso, as accións voluntarias e

os códigos de boas prácticas que corresponda aplicar ás vías prioritarias para previr a introdución e propagación non intencionadas de especies exóticas invasoras nas illas Canarias.

3. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, asegurarán a coordinación co obxecto de establecer un plan de acción único ou unha serie de plans de acción coordinados con outros Estados membros da Unión Europea. De non se estableceren tales plans de acción, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, aprobarán plans de acción para o territorio das illas Canarias.

4. Os plans de acción incluirán, en particular, medidas baseadas nunha análise de custos e beneficios, co fin de:

- a) Concienciar a cidadanía acerca do problema.
- b) Reducir ao máximo a contaminación producida por exemplares de especies exóticas invasoras nos bens, produtos, vehículos e equipamento, incluíndo medidas que se ocupen do transporte de especies exóticas invasoras procedentes de países terceiros.
- c) Garantir controis adecuados nas fronteiras da Unión distintos dos controis oficiais previstos no artigo 7.

5. Os plans de acción aprobados conforme o número 2 comunicaránse sen demora á Comisión Europea.

6. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, revisarán os plans de acción aprobados, polo menos cada seis anos, e comunicaránllos á Comisión Europea sen demora.

CAPÍTULO III

Detección temperá e erradicación rápida

Artigo 6. Sistema de vixilancia das especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias.

1. Nun prazo de dezaioito meses contado desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, establecerán un sistema de vixilancia das especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias, ou incluíranlo no seu sistema vixente, que recompila e rexistre datos sobre a incidencia no ambiente das especies exóticas invasoras, mediante inspección, seguimento ou outros procedementos destinados a previr a propagación de especies exóticas invasoras nas illas Canarias.

2. O sistema de vixilancia:

a) Abranguerá o territorio da Comunidade Autónoma de Canarias, incluídas as augas mariñas territoriais, para determinar a presenza e distribución de novas especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias, así como das xa establecidas.

b) Será o suficientemente dinámico para detectar rapidamente a aparición, no territorio da Comunidade Autónoma de Canarias, de calquera especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias cuxa presenza fose descoñecida previamente.

c) Basearase nas disposicións pertinentes de avaliación e seguimento establecidas no dereito da Unión ou incluídas en acordos internacionais, será compatible con elas, evitará duplicidades respecto delas e utilizará a información facilitada polos sistemas vixentes de vixilancia e seguimento previstos no artigo 11 da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, o artigo 8 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, e o artigo 11 da Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo

e do Consello, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña).

d) Terá en conta, na medida do posible, os efectos e aspectos transfronteirizos pertinentes.

Artigo 7. *Controis oficiais.*

1. Nun prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Administración xeral do Estado, respecto das operacións de comercio exterior, e a Comunidade Autónoma de Canarias, respecto das operacións dentro da Unión Europea, de acordo cos seus respectivos ámbitos de competencias en materia de control alfandegueiro, deberán levar a cabo os controis oficiais que resulten necesarios que se recollen no Regulamento (CE) n.º 2017/265 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, e no Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, co fin de evitar a introdución intencionada nas illas Canarias de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias. Eses controis oficiais aplicaranse ás categorías de produtos correspondentes aos códigos da nomenclatura combinada conforme o Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común a que remite o artigo 4.5 do Regulamento (UE) n.º 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro.

2. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, efectuarán os controis adecuados, baseados nunha avaliación de riscos, dos produtos mencionados no número 1 e comprobarán que:

- a) Non estean na Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias, ou
- b) Contén cun permiso válido conforme o previsto no artigo 3.

3. Os controis oficiais consistentes en controis de documentación, de identidade ou físicos, realizaranse no momento en que os produtos mencionados no número 1 sexan introducidos nas illas Canarias. A Administración xeral do Estado, respecto das operacións de comercio exterior, e a Comunidade Autónoma de Canarias, respecto das operacións dentro da Unión Europea, conferirán a responsabilidade de realizar os controis a que se refire o número 2 ás autoridades competentes encargadas deles, conforme o previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, e nas directivas 91/496/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos animais que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros, e pola que se modifican as directivas 89/662/CEE, 90/425/CEE, 90/675/CEE e 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros ou, nos puntos de entrada, conforme o previsto no artigo 2, número 1, letra g), da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, respecto das categorías de produtos a que se refire o número 1.

4. A autorización dun despacho a libre práctica, de tránsito, de depósito alfandegueiro, de zona franca, de importación temporal, de destino final ou de perfeccionamento activo estará condicionada á acreditación previa ante a autoridade alfandegueira, por medios electrónicos, da existencia dalgún dos seguintes documentos, segundo proceda:

- a) O certificado das autoridades veterinarias ou fitosanitarias, segundo proceda, previsto para o control á entrada de produtos procedentes de países terceiros no marco do dereito da Unión debidamente formalizado a que se refire o número 3, en que se acredite que se cumpren as condicións a que se refire o número 2.

b) Os permisos e certificados que o servizo de inspección das direccións territoriais e provinciais de Comercio da Secretaría de Estado de Comercio expiden conforme o previsto nos artigos 4 e 5 do Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro, sobre medidas de aplicación do Convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973, e do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

5. Se os controis determinan un incumprimento do previsto neste real decreto:

a) As autoridades alfandegueiras non autorizarán o réxime solicitado e poñerán en coñecemento da autoridade competente os posibles incumprimentos da normativa do presente real decreto.

b) As autoridades competentes a que se refire o número 3 confiscarán os produtos.

Se os produtos son confiscados, serán confiados á autoridade competente responsable de aplicar o presente real decreto. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderán delegar funcións específicas noutras autoridades.

6. Os custos xerados mentres se leva a cabo a verificación e os que deriven de calquera incumprimento serán por conta da persoa que trouxo os bens ás illas Canarias, salvo que a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, determinen outra cousa.

7. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, establecerán procedementos para garantir o oportuno intercambio de información, así como a coordinación e cooperación entre todas as autoridades implicadas para que as verificacións mencionadas no número 2 se realicen de forma eficaz e eficiente.

8. A Administración xeral do Estado xunto coa Comunidade Autónoma de Canarias, de forma coordinada, desenvolverán orientacións e programas de formación para facilitar a identificación e detección das especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias e a realización de controis eficientes e eficaces.

9. Cando se outorgasen permisos conforme o artigo 3, farase referencia, na declaración alfandegueira ou nas notificacións pertinentes á entidade fronteiriza, ao permiso válido que cubra os produtos declarados.

Artigo 8. *Notificacións de detección temperá.*

1. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, farán uso do sistema de vixilancia establecido no artigo 6 e da información recompilada nos controis oficiais previstos no artigo 7 para confirmar a detección temperá da introdución ou presenza de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias.

2. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, notificarán por escrito e sen demora á Comisión Europea a detección temperá da presenza ou introdución de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias e informarán os demais Estados membros, en particular:

a) Sobre a aparición no seu territorio de calquera especie incluída na listaxe das illas Canarias cuxa presenza no seu territorio se descoñeceuse con anterioridade.

b) Da reaparición no seu territorio de calquera especie incluída na listaxe das illas Canarias, tras ser dada por erradicada.

Artigo 9. *Erradicación rápida nunha fase inicial de invasión.*

1. Nun prazo de tres meses tras a notificación de detección temperá mencionada no artigo anterior, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, aplicarán medidas de erradicación e notificaránllas á Comisión Europea, ademais de informar os demais Estados membros.

2. Ao aplicar as medidas de erradicación, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, aseguraranse de que os métodos empregados sexan eficaces para lograr a eliminación completa e permanente da poboación da especie exótica invasora en cuestión, tendo debidamente en conta que non se afecte a saúde humana e o ambiente, especialmente as especies ás cales non se dirixan as medidas e os seus hábitats, e garantindo que non se lles cause aos animais ningunha dor, angustia ou sufrimento evitables.

3. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, supervisarán a eficacia da erradicación e poderán utilizar para tal efecto o sistema de vixilancia previsto no artigo 6. Ao se exercer a supervisión, tamén se avaliarán os efectos nas especies ás cales non se dirixan as medidas, segundo proceda.

4. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, informarán a Comisión Europea acerca da eficacia das medidas adoptadas e notificaránlle o momento en que se erradicase unha poboación dunha especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias. Facilitarán, así mesmo, a dita información a outros Estados membros.

CAPÍTULO IV

Xestión de especies exóticas invasoras amplamente propagadas

Artigo 10. *Medidas de xestión.*

1. Dentro dos dezoito meses contados desde que unha especie exótica invasora fose incluída na Listaxe das illas Canarias, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, porán en marcha medidas eficaces de xestión respecto daquelas especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias que comprobasen que están amplamente propagadas polo seu territorio, de modo que se reduzan ao máximo os seus efectos negativos sobre a biodiversidade e os servizos asociados dos ecosistemas e, de ser o caso, sobre a saúde humana e a economía. As ditas medidas de xestión serán proporcionais ao impacto no ambiente e apropiadas ás circunstancias específicas da Comunidade Autónoma de Canarias, basearanse nunha análise de custos e beneficios e incluirán ademais, na medida do posible, as medidas reparadoras a que se refire o artigo 11. Daráselles prioridade sobre a base dunha avaliación dos riscos e da súa rendibilidade.

2. As medidas de xestión comprenderán accións físicas, químicas ou biolóxicas, letais ou non letais, destinadas á erradicación, ao control poboacional ou á contención dunha poboación dunha especie exótica invasora. Se é o caso, as medidas de xestión incluirán accións aplicadas ao ecosistema de recepción, destinadas a aumentar a súa resistencia fronte a invasións presentes e futuras. O uso comercial de especies exóticas invasoras xa establecidas poderase permitir temporalmente como parte das medidas de xestión destinadas á erradicación, control poboacional ou contención das ditas especies, sobre a base dunha xustificación estrita e sempre que se establecesen todos os controis adecuados co fin de evitar calquera propagación ulterior.

3. Ao aplicar medidas de xestión e seleccionar os métodos que se deban empregar, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, velarán para que se teña debidamente en conta a saúde humana e o ambiente, especialmente as especies ás cales non vaian dirixidas as

medidas e os seus hábitats, e aseguraranse de que, cando estas vaian dirixidas a animais, non se lles cause ningunha dor, angustia ou sufrimento evitables, sen comprometer por iso a eficacia das medidas de xestión.

4. O sistema de vixilancia disposto no artigo 6 deseñarase e utilizarase para supervisar a eficacia da erradicación, o control poboacional ou as medidas de contención para reducir ao máximo os efectos sobre a biodiversidade, nos servizos asociados dos ecosistemas e, de ser o caso, sobre a saúde humana e a economía. Ao exercerse a supervisión, tamén se avaliarán os efectos nas especies ás cales non vaian dirixidas as medidas, segundo proceda.

5. En caso de que exista un risco significativo de que unha especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias se propague a outro Estado membro en que a especie estea presente, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, notificaránllelo inmediatamente aos demais Estados membros e á Comisión Europea e, de ser o caso, establecerán medidas de xestión conxuntamente acordadas cos demais Estados membros afectados. Cando terceiros países poidan tamén verse afectados pola propagación, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, esforzaránse por informar os terceiros países afectados.

Artigo 11. *Reparación de ecosistemas danados.*

1. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, executarán medidas de reparación apropiadas para axudar á recuperación dun ecosistema que se vise degradado, danado ou destruído como consecuencia dunha especie exótica invasora preocupante para as illas Canarias, a menos que unha análise de custos e beneficios demostre, a partir dos datos dispoñibles e con certeza razoable, que os custos das ditas medidas serían elevados e desproporcionados con respecto aos beneficios da reparación.

2. As medidas reparadoras incluírán, polo menos, os elementos seguintes:

a) Medidas destinadas a aumentar a capacidade dun ecosistema exposto a perturbacións causadas pola presenza de especies exóticas invasoras preocupantes para as illas Canarias, para resistir, amortecer, adaptarse e recuperarse dos efectos perturbadores.

b) Medidas que axuden a previr outra invasión tras unha campaña de erradicación.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto no presente real decreto será sancionado conforme o previsto no título VI da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Disposición transitoria primeira. *Propietarios sen ánimo comercial.*

1. Non obstante o disposto no artigo 2.1, letras b) e d), permitiráselles aos propietarios de animais de compañía que pertencen ás especies exóticas invasoras incluídas na Listaxe das illas Canarias a súa tenza ata a fin da vida natural dos animais, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que non os teñan con fins comerciais.

b) Que os animais fosen adquiridos con anterioridade á súa inclusión na Listaxe das illas Canarias.

c) Que os animais se manteñan en espazos confinados e se adopten todas as medidas adecuadas para garantir que non sexa posible a súa reprodución nin escape.

2. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, adoptarán todas as medidas razoables para informar os propietarios sen ánimo comercial dos riscos que formula a tenza dos animais mencionados no número 1 e das medidas que se deban tomar para reducir ao máximo o risco de reprodución e escape, mediante programas de concienciación e educativos organizados pola Administración xeral do Estado e pola Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias.

3. Aos propietarios sen ánimo comercial que non poidan garantir que se cumpran as condicións establecidas no número 1 non se lles permitirá seguir en posesión dos animais afectados. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderanlles ofrecer a posibilidade de que os seus animais lles sexan retirados. Cando este sexa o caso, terase debidamente en conta o benestar dos animais.

4. Os animais mencionados no número anterior poderán ser mantidos polos establecementos mencionados no artigo 4 ou en instalacións especialmente creadas pola Administración xeral do Estado e pola Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, para este fin.

Disposición transitoria segunda. *Reservas comerciais.*

1. Aos posuidores de reservas comerciais de exemplares de especies exóticas invasoras adquiridas con anterioridade á súa inclusión na Listaxe das illas Canarias concederáselles un prazo de ata dous anos tras a inclusión da especie na dita listaxe, para a tenza e transporte de exemplares vivos ou partes reproducibles desas especies co fin de vendelos ou transmitilos aos establecementos de investigación ou de conservación *ex situ* e co propósito de usos medicinais mencionados no artigo 3, sempre que os exemplares se manteñan e transporten en espazos confinados e se conte con todas as medidas adecuadas para garantir que non sexa posible a súa reprodución nin escape, ou para sacrificarlos ou eliminalos de modo non cruel co fin de esgotar as reservas.

2. Permitirase vender ou transmitir exemplares vivos durante un ano tras a inclusión da especie na Listaxe das illas Canarias aos usuarios sen ánimo comercial, sempre que os exemplares se manteñan e transporten en espazos confinados e se conte con todas as medidas adecuadas para garantir que non sexa posible a súa reprodución nin escape.

3. No caso de se ter outorgado un permiso de acordo co artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 708/2007 do Consello, do 11 de xuño do 2007, sobre o uso das especies exóticas e das especies localmente ausentes na acuicultura, respecto dunha especie destinada á acuicultura que se inclúa posteriormente na Listaxe das illas Canarias e en caso de que a duración do permiso supere o período mencionado no número 1, a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias, nos seus respectivos ámbitos de competencias, retirarán o permiso de acordo co artigo 12 do mencionado regulamento antes de que finalice o período previsto no número 1.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

Modifícase o Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, na forma que a continuación se indica:

Un. Dáse nova redacción aos números 3, 5 e 6 do artigo 5.

«3. Calquera cidadán ou organización poderalle solicitar á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica a iniciación do procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie no catálogo. A solicitude presentada deberá ser motivada e achegarase a información técnica ou

científica xustificativa, así como as referencias dos informes técnicos e publicacións científicas que avalen a dita solicitude. Esta solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental. As persoas xurídicas están obrigadas á presentación electrónica, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, mentres que as persoas físicas o poderán facer nos lugares a que se refire o artigo 16.4 da mesma lei.

En caso de que a solicitude fose defectuosa ou incompleta, requirirase o solicitante para que emende os defectos advertidos ou achegue a documentación complementaria no prazo de tres meses.

Transcorrido o dito prazo sen que o solicitante emende os devanditos defectos ou presente a documentación complementaria, terase por desistido da súa petición, o que se lle será notificado. No caso de que o solicitante emende os defectos ou presente a documentación complementaria no tempo previsto, continuarase coa tramitación, de acordo co disposto no número 2.

Unha vez valorada a solicitude, a Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental notificaralle a decisión de forma motivada ao solicitante, no prazo máximo de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Administración competente para a súa tramitación.

A resolución ditada pola Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental non pon fin á vía administrativa e contra esta caberá interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, nos prazos a que se refire o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Transcorrido o prazo máximo de seis meses sen que se notifique resolución expresa, entenderase desestimada a súa petición, de conformidade co previsto no artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

«5. No caso de constatare a existencia dunha ameaza grave producida pola aparición dunha especie exótica invasora non incluída no catálogo, o procedemento tramitarase con carácter urgente, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

«6. Unha vez finalizada a tramitación, o proxecto de orde que conteña a modificación do anexo deste real decreto para incluír ou excluír algunha especie elevarase para a súa aprobación por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica, conforme o disposto no artigo 64.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e, posteriormente, publicarase no “Boletín Oficial del Estado”.»

Dous. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 7, que quedan como segue:

«1. A inclusión dunha especie no catálogo, de acordo co artigo 64.3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, comporta a prohibición xenérica da súa posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos, dos seus restos ou propágulos, que puideren sobrevivir ou reproducirse, incluído o comercio exterior. Esta prohibición está limitada ao ámbito de aplicación especificado para cada especie no anexo. Esta prohibición poderá quedar sen efecto, logo de autorización administrativa da autoridade competente, cando sexa necesario por razóns de investigación, saúde ou seguridade das persoas, ou con fins de control ou erradicación, no marco de estratexias, plans e campañas que para tal efecto se aproben.»

«2. A inclusión dunha especie no catálogo, de acordo co artigo 54.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, comporta a prohibición da súa introdución no medio natural no ámbito do territorio nacional de aplicación recollido no anexo.»

Tres. As referencias contidas na exposición de motivos e nos artigos 4, 5, 6, 8, 9, 13, 14 e 15 do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español

de especies exóticas invasoras, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente deberanse entender realizadas ao actual Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Analogamente, as referencias contidas na exposición de motivos e nos artigos 5, 8, 13 e 14 á anterior Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente deberanse entender realizadas á actual Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Catro. Modifícase a disposición transitoria cuarta nos seguintes termos:

«Disposición transitoria cuarta. *Animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos, e animais silvestres en parques zoolóxicos.*

Os exemplares das especies animais, en posesión ou adquiridos como animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos, ou situados en parques zoolóxicos debidamente autorizados conforme o establecido na Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, que fosen adquiridos con anterioridade á súa inclusión no catálogo, poderanos manter os seus propietarios, aínda que estes deberán informar sobre a dita posesión ás autoridades competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla antes do 1 de xaneiro de 2022.

Estas autoridades establecerán, se é o caso, a obrigatoriedade da esterilización dos exemplares, así como sistemas apropiados de identificación ou marcación, como tatuaxe, brinco, microchip, anelamento e rexistro veterinario, entre outros, e solicitarán a sinatura dunha declaración responsable por parte do propietario, que se axustará á definición incluída no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Os propietarios deberán informar con carácter inmediato da liberación accidental destes exemplares e non os poderán comercializar, reproducir nin ceder. Como alternativa ao establecido anteriormente, as autoridades competentes facilitarán, en caso de solicitarse, a entrega voluntaria dos animais referidos. Esta entrega poderase realizar en primeira instancia e de forma temporal, e mentres son recollidos polas autoridades competentes nesta materia, en puntos de venda de animais de compañía ou domésticos e núcleos zoolóxicos legalmente constituídos que poidan ser recoñecidos pola autoridade competente como habilitados para iso. Excepcionalmente, as administracións competentes poden autorizar e habilitar centros de recollida e mantemento con instalacións e terreos adecuados para o seu correcto confinamento e evitar o seu escape, cumprindo coas obrigas de esterilización e identificación.

Aqueles propietarios ou parques zoolóxicos que, en cumprimento da normativa vixente, informasen sobre a posesión de animais de compañía, animais de compañía exóticos ou domésticos non necesitarán volver informar.»

Cinco. Modifícase o anexo da seguinte forma:

«Engádense as seguintes especies na epígrafe *réptiles*:

Especie	Ámbito de aplicación	Nome común
<i>Varanus exanthematicus</i> .	–	Varano de sabana ou varano terrestre-africano.
<i>Pseudemys peninsularis</i> .	–	Tartaruga da península.
<i>Python regius</i> .	–	Pitón real.

Engádense a seguinte especie na epígrafe *Mamíferos*:

Especie	Ámbito de aplicación	Nome común
<i>Sus scrofa</i> var. <i>domestica</i> raza vietnamita.	–	Porco vietnamita.

Engádense as seguintes especies na epígrafe *Flora*:

Especie	Ámbito de aplicación	Nome común
<i>Nicotiana glauca</i> .	Canarias.	Tabaco mourisco, tabaco bravo, tabaco arbóreo
<i>Cortaderia</i> spp.	Engádense Canarias.	Herba da Pampa, carrizo da Pampa.»

Seis. A nota a pé de páxina incluída no anexo do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, para a familia *Sciuridae*, incluída na epígrafe *Mamíferos*, queda redactada nos seguintes termos:

«1. Excepto *Sciurus vulgaris* e *Marmota marmota*.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial*.

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para a adaptación á normativa europea ou internacional*.

Habílitase a ministra para a Transición Ecolóxica para adaptar a Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias, que figura no anexo, á normativa europea ou internacional, así como para mantela actualizada en todo momento mediante a inclusión ou exclusión de especies, de conformidade coa nova información de que se dispoña para determinar a súa cualificación como especie exótica invasora preocupante.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO

Listaxe de especies exóticas invasoras preocupantes para a rexión ultraperiférica das illas Canarias

Especie	Nome común	Códigos NC (posicións arancelarias) Regulamento de execución (UE) 2017/1925
<i>Plantas</i>		
<i>Austrocylindropuntia cylindrica</i> (Lam.) Backeb.	Cacto cilíndrico.	0602 0604 20 19 1209 30 00 1209 99 91 1209 99 99 1211 90 86
<i>Cereus jamacaru</i> DC.	Cardeiro, mandacaru.	0602 0604 20 19 1209 30 00 1209 99 91 1209 99 99 1211 90 86
<i>Cinchona pubescens</i> Vahl.	Quinina vermella.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Cytisus striatus</i> (Hill) Rothm.	Xesta, xesta das serras	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Desmanthus virgatus</i> (L.) Willd.	Mimosa delgada	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Hakea salicifolia</i> (Vent.) B.L. Burt.	Hakea de folla de salgueiro.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Harrisia martinii</i> (Labour.) Britton.	Cacto do luar.	0602 0604 20 19 1209 30 00 1209 99 91 1209 99 99 1211 90 86
<i>Imperata cylindrica</i> (L.) Raeusch.	Cisca.	0601 20 90 0602 1209 30 00 1209 99 1211 90 86
<i>Jatropha curcas</i> L.	Purgueira.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Jatropha gossypifolia</i> L.	Piñón morado.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86

Especie	Nome común	Códigos NC (posicións arancelarias) Regulamento de execución (UE) 2017/1925
<i>Ligustrum robustum</i> (Roxb.) Blume.	Ligustro.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Melia azedarach</i> L.	Árbore de santo Outelo, cinamomo.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Miconia calvescens</i> DC.	Miconia.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Mimosa pigra</i> L.	Mimosa uña de gato.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Myoporum laetum</i> G. Forst.	Mióporo.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Pereskia aculeata</i> Mill.	Grosella de Barbados.	0602 0604 20 19 1209 30 00 1209 99 91 1209 99 99 1211 90 86
<i>Pittosporum tobira</i> (Thunb.) W.T. Aiton.	Pitóspero de Xapón.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Prosopis juliflora</i> (Sw.) DC.	Mesquite.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Ulex minor</i> Roth.	Toxo gateño.	0602 0604 20 19 1209 99 10 1211 90 86
<i>Réptiles</i>		
<i>Iguana iguana</i> (Linnaeus, 1758).	Iguana común.	0106 20 00
<i>Chamaeleo calyptratus</i> Duméril and Bibron, 1851.	Camaleón do lemen.	0106 20 00
<i>Chamaeleo dilepis</i> Leach, 1819.	Camaleón de orellas.	0106 20 00
<i>Rieppeleon brevicaudatus</i> (Matschie, 1892).	Camaleón de rabo curto.	0106 20 00
<i>Cyclura cornuta</i> (Bonnaterre, 1789).	Iguana cornuda.	0106 20 00
<i>Anolis</i> spp.	Anolis.	0106 20 00
<i>Physignathus cocincinus</i> Cuvier, 1829.	Dragón de auga chinés.	0106 20 00
<i>Intellagama lesueurii</i> (Gray, 1831).	Dragón de auga australiano.	0106 20 00
<i>Salvator rufescens</i> (Günther, 1871).	Lagarto teiú vermello.	0106 20 00
<i>Chlamydosaurus kingii</i> Gray, 1825.	Clamidosauo de King.	0106 20 00

Especie	Nome común	Códigos NC (posicións arancelarias) Regulamento de execución (UE) 2017/1925
<i>Sceloporus malachiticus</i> Cope, 1864.	Lagarto espiñento esmeralda.	0106 20 00
<i>Sceloporus jarrovii</i> Cope in Yarrow, 1875.	Lagarto espiñento de Yarow.	0106 20 00
<i>Zonosaurus laticaudatus</i> (Grandidier, 1869).	Lagarto prateado de dúas bandas.	0106 20 00
<i>Tiliqua gigas</i> (Schneider, 1801).	Escinco xigante de lingua azul.	0106 20 00
<i>Gekko gecko</i> (Linnaeus, 1758).	Osga, ladra.	0106 20 00
<i>Phelsuma madagascariensis</i> (Gray, 1831).		0106 20 00
<i>Coleonyx mitratus</i> (W. Peters, 1863).		0106 20 00
Aves		
<i>Psittacula eupatria</i> (Linnaeus, 1766).	Papagaio alexandrino.	0106 32 00 0407 19 90
<i>Dendrocygna bicolor</i> (Vieillot, 1816).	Cerceta caneleira.	0106 39 80 0407 19 90
<i>Gracula religiosa</i> Linnaeus, 1758.	Mainá da montaña.	0106 39 80 0407 19 90
Mamíferos		
<i>Petaurus breviceps</i> Waterhouse, 1838.	Petauro do azucre.	0106 19 00
<i>Mephitis mephitis</i> (Schreber, 1776).	Cambagá	0106 19 00
<i>Suricata suricatta</i> (Schreber, 1776).	Suricato.	0106 19 00
<i>Vulpes zerda</i> (Zimmermann, 1780).	Feneco, raposa do deserto.	0106 19 00
<i>Cricetomys gambianus</i> Waterhouse, 1840.	Rata xigante de Gambia.	0106 19 00
<i>Acomys cahirinus</i> (É. Geoffroy, 1803).	Rato espiñento exipcio.	0106 19 00
<i>Cynictis penicillata</i> (G.[Baron] Cuvier, 1829).	Mangosta de rabo amarelo.	0106 19 00
<i>Echinops telfairi</i> Martin, 1838.	Tenreco anano.	0106 19 00
<i>Erinaceus europaeus</i> Linnaeus, 1758.	Ourizo.	0106 19 00

Lenda dos códigos NC empregados de acordo co Regulamento de execución (UE) 2017/1925 da Comisión, do 12 de outubro de 2017, polo que se modifica o anexo I do Regulamento (CEE) 2658/87 do Consello, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.

a) Para plantas:

0601 20 90: (parte de) bulbos, cebolas, tubérculos, raíces e bulbos tuberosos, turións e rizomas, en vexetación ou en flor; plantas e raíces de chicoria;

0602: plantas vivas (incluídas as súas raíces), gallos e enxertos; micelios;

0604 20 19: follaxe, follas, ramas e demais partes de plantas, sen flores nin botóns, e herbas, mofos e liques, para ramos ou adornos, frescos, secos, branqueados, tinguidos, impregnados ou preparados doutra forma;

1209 30 00: sementes de plantas herbáceas utilizadas principalmente polas súas flores;

1209 99: (parte de) sementes de plantas herbáceas;

1209 99 10: sementes forestais;
1209 99 91: sementes de plantas utilizadas principalmente polas súas flores;
1209 99 99: (parte de) sementes de plantas utilizadas principalmente polas súas flores;
1211 90 86: (parte de) plantas, partes de plantas, sementes e froitos das especies utilizadas principalmente en perfumaría, medicina ou para usos insecticidas, parasiticidas ou similares, frescos, refrixerados, conxelados ou secos, mesmo cortados, quebrantados ou pulverizados;

b) Para réptiles:

0106 20 00: espécimes vivos, réptiles (incluídas as serpes e as tartarugas de mar).

c) Para aves:

0106 32 00: espécimes vivos. Psitaciformes (incluídos os papagaios, guacamaios, cacatúas e demais psitaciformes).

0106 39 80: espécimes vivos. Demais aves.

0407 19 90: ovos de ave con casca.

d) Para mamíferos:

0106 19 00 (parte de) mamíferos, espécimes vivos.